

Actividades propostas para a semana do **13** ata o **17** de **abril**.

Recomendase ir facendo pouco a pouco as actividades xa que pode ser requerido o seu envío ao centro nalgún momento.

Curso: 2º de Educación Primaria

O obxectivo que imos propoñer esta semana é o **coñecemento de como se orixinou a Igrexa dos cristiáns**.

Actividades propostas

Como primeira actividade para a aprendizaxe de como apareceu a Igrexa vou contar unha historia que tedes que ler con calma e que logo copiaredes na libreta (solo a parte que está escrita en negriña)

- Logo podedes facer un debuxo da historia, do que máis os gustou ou ben imprimir e colorear este que vos mando.

Como Xesús fundou a IGREXA

A fundación da Igrexa. Dende que se bautizara, Xesús dedicou os tres últimos anos da súa vida a anunciar á xente a mensaxe do seu pai DEUS. Os que seguían a Xesús a todas partes eran os APÓSTOLOS e XESÚS conviviu con eles e preparounos para que puidesen continuar a tarefa que lles tiña reservada. Como o fixo?

Elixiu os Apóstolos (a los APÓSTOLES). Estes amigos de Xesús eran doce, e moita xente os chamaba os “DOCE”, que o seguían e formaron unha comunidade. Así se funda a IGREXA (Iglesia).

Compartiu a súa vida con eles. Todos formaron con Xesús unha familia, xa que estaban unidos e compartían a comida, o traballo, as alegrías e as dificultades.

Explicoulles a súa mensaxe. Xesús falaba moito con eles por medio de “parábolas” que eran ensinanzas a modo de historias e que trataban de DEUS.

Ensinoulles a rezar. Xesús ensinoulles a chamar PAI a DEUS, a confiar nel, a pedirlle o que necesitasen. Ensinoulles a oración do “NOSOPAI”, que é o PADRENUESTRO.

Reveloulles quen era el. Xesús lles ensinou que el era o Mesías, o fillo de DEUS, o enviado por DEUS, e que viñera ao mundo para salvar á humanidade.

Ensinoulles un estilo de vida. Dando exemplo de amor a DEUS e axudando ao “PRÓJIMO” (a los demais).

Prometeu estar sempre con eles. Os chamou amigos, dixo que sempre estaría con eles e lles enviou o “ESPIRITU SANTO”

Enviounos a anunciar o Evanxeo. Antes de subir ao ceo Xesús lles dixo que anunciaran o “EVANGELIO” a todo o mundo.

Recibiron o Espírito Santo. María, nai de Xesús e os 12 apóstolos recibiron a forza do “Espírito Santo” o día de Pentecoste (PENTECOSTÉS). Desde ese momento foron a anunciar que Xesús resucitara e empezáronse a formar as primeiras comunidades de cristiáns que formaron a IGREXA.

NOTA: algunhas palabras están escritas en castelán para poder interiorizalas mellor.

O ENVÍO DO ESPÍRITO SANTO O DÍA DE PENTECOSTE. 2º DE PRIMARIA



